

DONA IRENE SUAREZ LOPEZ, SECRETARIA DO EXCMO. CONCELLO DE TUI,,

CERTIFICA: Que o Sr. Alcalde, con esta data, ditou a resolución co seguinte teor literal:

“Resolución de Alcaldía.- Convocatoria da mesa de contratación de “ Mellora pavimentación camiños rurais Tui. Plan Marco 2014-2015”.

Con data 15 de xullo de 2015 constitúese a Mesa de contratación para apertura do sobre A, documentación administrativa, do referido contrato.

Comprobados os documentos aportados polas empresas e requisitos esixidos na licitación a Mesa de Contratación acorda:

*“Requirir á empresa **Construcciones Vale, S.L.**, con enderezo en Besadina, 2- Leirado, cp 36457 Salvaterra de Miño (Pontevedra) aos efectos de subsanación da prohibición de contratar, nun prazo non superior a tres días hábiles.”*

Efectuado o requerimento, a referida empresa, con data 21/07/2015 presenta a documentación aos efectos do seu cumprimento.

*Para continuar co procedemento legalmente establecido e de conformidade co prego de cláusulas administrativas, esta Alcaldía-Presidencia, no uso das competencias conferidas pola lexislación vixente, **RESOLVE:***

1º.- *Convocar a Mesa de Contratación para o vindeiro luns, día 27 de xullo de 2015, ás 13,00 horas, en sesión non pública, aos efectos de acordo das empresas admitidas á licitación.*

2º.- *Convocar a Mesa de Contratación para a mesma data que a Mesa anterior e seguidamente, ás 13,10 horas, en sesión pública, para a apertura do sobre nº 2 “**Criterios cuantificables de forma automática**”, en cumprimento da cláusula 20º do prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación.*

3º.- *Facer públicas a presentes convocatoria mediante a súa publicación no Taboleiro de anuncios do Concello e no perfil do contratante.*

4º.- *Dar traslado da presente Resolución de Alcaldía dos membros da Mesa de Contratación designados, ós Departamentos de Secretaría e Intervención e ó Pleno Corporativo na vindeira sesión que se celebre.”*

E para que así conste, emito a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde-Presidente en Tui, a 23 de xullo de 2015.

Vº pr.
O ALCALDE EN FUNCIONS,



PERFIL DO CONTRATANTE